



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/8	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 12:35 ata as 12:50 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	NON
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	NON
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***3018**	Mariano Abalo Costa	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	NON
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 10 e 17 de febreiro de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os borradores das actas da Xunta de Goberno Local realizadas o 10 e o 17 de febreiro de 2020.

Expediente 7223/2019. Proposta de autorización municipal para ocupación en vía pública con posto para venda de polbo

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta-informe de data 17.02.2020 da inspectora de taxas, referida á ocupación de vía pública con posto para venda de pulpo, que é como segue:

*"Con data 6 de febreiro de 2020 G.J.G.V., con NIF nº ***855**, enderezo en rúa Real, nº X de Cangas, presenta escrito no que indica que o posto de venda de pulpo ocupa unha superficie de 4,00 m2., e que o solicita para os venres durante 6 meses (BAR O BATEL).*

Proposta-informe de ocupación de vía pública con posto de venda de pulpo cunha superficie de 4,00 m2., os venres durante 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta-informe transcrita para ocupación de vía pública con un posto para venda de pulpo en rúa Real, nº X (BAR O BATEL), cunha superficie de 4,00 m2., para os venres durante 6 meses, solicitado polo Sr. G.V..

SEGUNDO.- Condiciónase a presente autorización ao pagamento das taxas correspondentes pola ocupación de vía pública, así como, as demais condicións impostas polo Concello para a referida ocupación, e a manter en perfecto estado de hixiene, limpeza e decoro o lugar da instalación. O non cumprimento destes requisitos será motivo suficiente para a anulación da concesión.

Expediente 1016/2020. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por R.S.P., na que demanda a colocación dun sinal de prohibido estacionar na entrada peatonal da casa rural "La Garita", sita en praia de Rodeira en Cangas.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 20.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:





"...Que no devandito lugar resulta certo que en época estival, ante a afluencia masiva de usuarios nos seus vehículos á praia de Rodeira, prodúcense estacionamentos indebidos, podendo darse o caso, como expón a solicitante, de que se imposibilite a entrada e saída peonil da casa rural.

Que fronte a dita entrada, que vén sendo vía pública, non se atopa asfaltada, xa que hai herba e terra, polo que resulta imposible sinalizar horizontalmente con liñas amarelas, que nestes casos sería o mais apropiado.

Polo que unha solución sería colocar un sinal vertical de prohibido estacionar e uns bolardos (pintados de amarelo para maior visibilidade), que impidan aos vehículos estacionar diante da entrada.

Aínda que a mellor solución sería humanizar a zona, con beirarrúas e asfaltando o lugar, sinalizando horizontalmente as prazas de estacionamento e a zona con liñas amarelas á altura da entrada".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. Sotelo Pereira para sinalización vertical.

Expediente 950/2020. Solicitude de renovación de sinalización vertical por deterioro

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.G.F., na que demanda a renovación do sinal de pasaxe permanente en travesía Atranco nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 17.02.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Compróbase que na actualidade a placa de pasaxe permanente nº 736 está deteriorada por falta total de cor, polo que se debe de repoñer por outra nova".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. G.F. para renovación de sinalización de pasaxe permanente en travesía Atranco nº X-Coiro.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 6853/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 6853/2019.- Conceder a M.C.G.G., con enderezo a efectos de notificacións en X titular do DNI nº **3102**, agás o





dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para acondicionamento de planta baixa para uso de vivenda en edificación sita en avenida de Lugo, nº X-Cangas (referencia catastral X), nunha superficie de 114,00 m²., de conformidade co proxecto de acondicionamento de local para vivenda elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. de novembro 2019. O presuposto de execución material da obra ascende a trinta e dous mil vinte e seis euros con vinte e catro céntimos (32.026,24 €).

Condicionada a que deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza e a que se obteña a autorización para o cambio de uso da comunidade de propietarios de ser preceptiva pola lexislación de aplicación.

O cambio de uso da vivenda require a entrega do final de obra visado e a solicitude de primeira ocupación.

Expediente 5583/2019. Solicitude de devolución de taxas de licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 17.02.2020, referente á solicitude de devolución de taxas de parcelación, que é como segue:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de setembro de 2019, R.B.F., presenta solicitude de licenza de parcelación en rúa Trigás, nº X-Coiro.

Segundo.- Con data 10 de febreiro de 2020, R.B.F. presenta a renuncia da anterior solicitude de licenza de parcelación e a devolución das taxas correspondentes (xustificante de pago en data 27.09.2019).

Terceiro.- A renuncia foi aceptada por Resolución da alcaldía en data 13 de febreiro de 2020.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do





Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Denegar a devolución das taxas da licenza de parcelación, xa que segundo os artigos 6 e 8.3 da vixente ordenanza fiscal nº 12, publicada no BOP nº 248, o 30 de decembro de 2013, a cal a cota da taxa será a que figure no anexo desta ordenanza (apartado g) do anexo á ordenanza reguladora da taxa por licenzas urbanísticas) e a obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada pola denegación da licenza solicitada, nin pola concesión da licenza condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida esta ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa e iniciada a actividade municipal de control. A obriga de contribuír nace cando se inicia a actividade municipal que constitúe o feito impositivo, para estes efectos a ordenanza sinala que se inicia na data de presentación da solicitude de licenza.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución ao interesado con indicación dos recursos que sexan procedentes".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 892/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a proposta de data 14.02.2020 da alcaldía, referente ao expediente nº 892/2020 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de San Roque-Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un muro de cerramento a base de bloque de formigón, sen licenza para iso, e sobre un muro con orde de demolición, segundo o expediente de reposición da legalidade urbanística nº 2239/2019-S.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M.T.P.P., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un euros e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o





infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.T.P.P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un muro de cerramento a base de bloque de formigón, sen licenza para iso, e sobre un muro con orde de demolición segundo o expediente de reposición da legalidade 2239/2019-S, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".





A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 900/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 14.02.2020 da alcaldía, referente ao expediente nº 900/2020 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar da Choupana-Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar na referencia catastral X un cambio de cuberta de vivenda.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, I.R.B. promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre trescentos e seis mil euros (300 e 6.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ó infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reducirase na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador por infracción urbanística a I.R.B., de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar na referencia catastral X un cambio de cuberta de vivenda.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario do mesmo o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6268/2019. Solicitud de devolución de aval

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Visto o informe da arquitecta técnica emitido en data 16.02.2020, referente á solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"INFORME DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS

PRIMEIRO.- En data 25 de febrero de 2016, ten entrada polo rexistro municipal, solicitude de devolución de avais bancarios asinado por 'UTE GESTIÓN CANGAS', pola realización de obras de saneamento e abastecemento na parroquia de Coiro e pola urbanización da rúa Atranco.

SEGUNDO.- En data 28 de outubro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di o seguinte:

‘Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o depósito das garantías





solicitadas con seguinte detalle:

- Aval do Banco Popular nº 0223/00511 a nome de 'AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA SA' (CIF A-26019992), por importe de dous mil douscentos euros con vinte e catro céntimos (2.200,24 €), para responder das obrigas do contrato 'OBRA DE SANEAMENTO /ABASTECIMIENTO PARROQUIA DE COIRO (PPC/07)'.
- Aval do Banco Popular nº 0223/01015 a nome de 'AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA SA', (CIF A-26019992), por importe de sete mil seiscentos nove euros con setenta e catro céntimos (7.609,74 €), para responder das obrigas do contrato 'URBANIZACIÓN DA RÚA ATRANCO NO CONCELLO DE CANGAS'.

As citadas garantías figuran polo tanto depositadas e pendentes de devolución. Procederáse á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente'.

TERCEIRO.- En data 3 de marzo de 2016 a arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela emite sendos informes favorables no que conclúe que:

'Ambas obras foron revisada logo de transcorrido o prazo de garantía fixada para o aval e non apreciándose defectos ou vicios na instalación, procede a súa devolución'.

Polo exposto, e en virtude do disposto na Resolución de alcaldía do 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local en materia económico-financeira, apartado 5.3, sométese a consideración da Xunta de Goberno que SE PROCEDA á devolución dos avais constituídos por 'UTE GESTIÓN CANGAS', pola realización de obras de saneamento e abastecemento na parroquia de Coiro, por importe de dous mil douscentos euros con corenta céntimos (2.200,40 €) e pola urbanización da rúa Atranco, por importe de sete mil seiscentos nove euros con setenta e catro céntimos (7.609,74 €).

INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Recoñecer a devolución dos avais bancarios por importe de dous mil douscentos euros con corenta céntimos (2.200,40 €) e sete mil seiscentos nove euros con setenta e catro céntimos (7.609,74 €) depositado por 'UTE GESTIÓN CANGAS'.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 2842/2017. Informe de servizos eléctricos municipais sobre devolución de garantía

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe dos servizos eléctricos municipais emitido o día 14 .02 .2020 , referente á solicitude de devolución de garantía, que é como segue:





" *Solicitud de devolución de garantía do contrato administrativo 'SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO EN RÉXIME DE RENTING DE 16 FOTOCOPIADORAS PARA DEPENDENCIAS DO CONCELLO' , a favor da empresa 'DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE SL'?*

Con data de 29 de xaneiro do 2020 e número de rexistro 2020-E-RE-201, recibíuse, remitido polo departamento de tesourería, solicitude de informe sobre procedencia de devolución de garantía definitiva constituída con ocasión de adxudicación de un contrato de subministración e servizo. Accedendo ao solicitado procédese a emitir o presente:

INFORME

Con base, por resultar da solicitude de informe e da documentación que se achega, nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data de 11 de xaneiro do 2016 procedeuse á adxudicación definitiva do contrato administrativo 'SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO EN RÉXIME DE RENTING DE 16 FOTOCOPIADORAS PARA DEPENDENCIAS DO CONCELLO' , a favor da empresa 'DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE SL', por un prezo anual de oito mil setecentos doce euros (8.712,00 €) co IVE incluído.

II.- Nos pregos de cláusulas administrativas particulares polos que se rexe dita adxudicación, dispónse:

Cláusula oitava. Garantías

- Provisional: non se esixe.

- Definitiva: 5% do prezo do contrato (IVE excluído).

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constituía garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 do TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

Cláusula vigésimo quinta. Prazo de garantía

O prazo de garantía estenderase ao período de duración do contrato e non será devolta ou cancelada ata que transcorra UN MES desde a finalización do contrato.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:





- Das penalidades impostas ó/á contratista conforme ao artigo 212 do TRLCSP.

- Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á administración pola demora do/da contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.

Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.

En caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicataria sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que non se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades, devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.

III.- Con data de 04.01.2016 constitúense pola adxudicataria aval por importe de mil catrocentos corenta euros (1.440,00 €), en cumprimento do previsto na cláusula oitava do prego de prescricións administrativas arriba transcrita.

IV.- O 29 de xaneiro de 2020 o contratista solicita a devolución do aval unha vez finalizado o prazo de garantía.

V.- O 30.01.2020 incorpórase ao expediente informe de tesourería.

VI.- O 11.02.2020 incorpórase informe técnico do responsable do contrato.

A os que resultan de aplicación os presentes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O fin que persegue a esixencia de garantías na contratación pública é o aseguramento de que por parte do contratista vai proceder ao cumprimento da obriga que en virtude do contrato asumiu fronte á Administración contratante. Por iso a garantía, en tanto que obriga accesoria da principal que constitúe o obxecto do contrato, queda extinguida unha vez cumprida ésta.

Este carácter accesorio da fianza respecto da obriga garantida implica que polo garantido só pode esixirse o mantemento desta cando indica en que consiste o incumprimento do obrigado e pídelles que proceda ao cumprimento exacto da obriga.

Segundo.- Dispón o artigo 102 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de a Lei de contratos do sector público, en diante TRLCSP:

1.- A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.





2.- *Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución.*

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado en o prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido este, a administración deberá aboar ao contratista a cantidade debida incrementada con o interese legal do diñeiro, correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data de a devolución de a garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á administración.

3.- *No suposto de recepción parcial só poderá o contratista solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.*

4.- *Nos casos de cesión de contratos non se procederá a devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se ache formalmente constituída a do cesionario.*

5.- *Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 100.*

Cando o importe do contrato sexa inferior a un millón de euros (1.000.000 €), se trata de contratos de obras, ou a cen mil euros (100.000 €), no caso doutros contratos, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

Por tanto, con base no relato fáctico exposto e os fundamentos xurídicos expresados procede a formulación da seguinte:

CONCLUSIÓN

Procede, na condición contida no fundamento xurídico anterior, á devolución do aval constituído como garantía definitiva do contrato referido no antecedente primeiro do presente informe.

É canto procede informar, parecer xurídico que queda sometido a calquera outro mellor fundado en dereito e que non supe o contido doutros informes emitidos con carácter facultativo ou preceptivo para a válida adopción de acordos.

Polo cal elévase proposta de devolución de garantía perante a Xunta de Goberno Local".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 4395/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade,





participación veciñal e transparencia para aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar 2019/2020

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a proposta de data 27.11.2019 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade, participación veciñal e transparencia, referente á aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar 2019/2020, que é como segue:

"ÚLTIMA PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2019/2020

M^a Victoria Portas Mariño, concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade.

PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha relación complementaria das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2019-2020.

Nº REXIS- TRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE DNI	APELIDOS, NOME USUARIO/USUA- RIA COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICA- CIÓN	IMPORTE AXUDA PROPOSTA	RESOLUCIÓN	MOTIVO
2.322	V. T., F. J.	V. M., G. E. Nado 03/12/2014 o V. M., V. M. Nado 15/06/2016 o	NAZARET FIXA	100%	468,60 €	CONCEDID A	

Número de solicitudes presentadas: 1 (2 menores).

Número de solicitudes con proposta de concesión: 1 solicitude (2 menores con praza comed bonificada).

Data de efectos da bonificación: desde o 2 de marzo de 2020".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integrame, a proposta transcrita.

Expediente 635/2020. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, para solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida-2020 (Urxencia)

Favorable	Tipo de votación:
------------------	--------------------------





Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 20.02.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, para solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida-2020, que é como segue:

SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA-2020

Publicada no DOG nº 21 de data do 31 de xaneiro de 2020 a Resolución do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento SI 435B, SI435A, SI427B, SI435C).

Visto que o obxecto da resolución é desenvolver programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como, para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos de risco de execución ou se encontren nalgunha situación de vulnerabilidade de cara a mellorar a súa situación social laboral e profesional, esta concellería solicita á directora do Centro de Información á Muller (CIM), que redacte memoria de necesidades e importe para formular solicitude aos seguintes programas:

- a) * Programa de fomento da conciliación (SI435B). Importe total do proxecto: 9.264,58 euros.
- b) * Programa de promoción da Igualdade e de prevención da violencia de xénero (SI435A). Importe total do proxecto: 9.720,00 euros.
- c) * Programa de apoio aos centros de información á muller CIM (SI427B). Importe total do proxecto: 33.871,96 euros.
- d) * Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres (SI435C). Importe: 8.000,00 euros.

Reunindo o Concello todos os requisitos da resolución de convocatoria que se relacionan, especialmente os do anexo 1.1 e o IV Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, aprobado polo Pleno do Concello de data do 29.04.2016, polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Resolución do 19.12.2019 da Secretaría Xeral da Igualdade:

- a) * Unha axuda polo importe de oito mil seiscientos corenta e dous euros con catorce céntimos





Concello de Cangas

(8.642,14 €), para desenvolver o programa de fomento da conciliación (SI435B), cun importe total de proxecto de nove mil douscentos sesenta e catro euros con cincuenta e oito céntimos (9.264,58 €).

- b) * Unha axuda polo importe de nove mil setecentos setenta e dous euros (9.772,00 €), para desenvolver o programa de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero (SI435A), cun importe total de proxecto de nove mil setecentos vinte euros (9.720,00€).
- c) * Unha axuda polo importe de trinta e tres mil oitocentos setenta e un euros con noventa e seis (33.871,96 €), para desenvolver o programa de apoio aos centros de información á muller CIM (SI427B), cun importe total de proxecto de trinta e tres mil oitocentos setenta e un euros con noventa e seis (33.871,96 €).
- d) * Unha axuda polo importe de oito mil euros (8.000,00 €), para desenvolver o programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres (SI435C), cun importe total de proxecto de oito mil euros (8.000,00€).

Segundo.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade, para aspectos relacionados coa tramitación do expediente, a directora do CIM, P.T.G., con NIF ***389**.

Terceiro.- Declarar:

· Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.

· Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta axuda.

· Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

· Non estar incurso/incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

· Non estar incurso/incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

· Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

· E non ter solicitado, nin ter concedida ningunha outra axuda, de entidade pública ou privada, para os programas que se solicitan".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 7120/2019. Proposta de solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AYAGSSJY6Y9AD3K2TTHHM2ZF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 24



**axuda para emprego para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais
-Plan concellos 2020-Liña III (Urxencia)**

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta de proposta da alcaldía de data 24.02.2020 de solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de axuda para emprego, para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais -Plan concellos 2020-Liña III, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2020) LIÑA III-EMPREGO, PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Publicadas no BOP nº 1 de data do 02.01.2020, as bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva de dito plan á liña que ascende a douscentos corenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros con nove céntimos (242.469,09 €).

Á vista do disposto no capítulo V da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, a Lei 6/2019, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, Orde HAC/46/2020, de 20 de xaneiro, pola que se ditan instrucións sobre procedemento e documentación a remitir en desenvolvemento do Acordo do Consello de Ministros de 27 de decembro de 2019, de prórroga orzamentaria, pola que ditan instrucións en relación ás nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto.

Visto que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada para este plan que se solicita.

Visto que o Concello de Cangas, non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas tirubutaria e coa Seguridade Social.

Polo que, proponho á Xunta de Goberno Local:

***Primeiro.-** Aprobar a memoria descritiva do 'PLAN DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2020', para a contratación de 27 persoas, polo importe total de trescentos trinta e cinco mil douscentos oitenta e nove euros con vinte e un céntimos (335.289,21 €), facendo constar que, o Concello*





con fondos propios, asumirá a contía non subvencionada e que ascende a noventa e dous mil oitocentos vinte euros con vinte e un céntimos (92.820,21 €).

<i>Importe total servizos</i>	<i>Importe aportación municipal</i>	<i>Importe subvención</i>
335.289,21 €	92.820,21 €	242.469,00 €

Segundo.- Solicitar axuda para a 'LIÑA III-Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais', polo importe de douscentos corenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros (242.469,00 €), para a contratación de vinte e sete (27) persoas a xornada completa e polo período de seis (6) meses, de conformidade co seguinte:

<i>Denominación servizo</i>	<i>Nº traballador/ traballadora servizo</i>	<i>Importe traballador/ traballadora</i> <i>Importe total servizo</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>1</i>	<i>13.268,08</i> <i>13.268,08</i>
<i>Conductor</i>	<i>1</i>	<i>13.825,87</i> <i>13.826,36</i>
<i>Peón emerxencias</i>	<i>2</i>	<i>12.095,45</i> <i>24.190,90</i>
<i>Conserxes</i>	<i>2</i>	<i>12.373,90</i> <i>24.747,80</i>
<i>Oifical albanel</i>	<i>1</i>	<i>13.826,27</i> <i>13.826,27</i>





Concello de Cangas

<i>Peón electrecista</i>	<i>1</i>	<i>12.366,55</i> <i>12.366,55</i>
<i>Peóns xardineiros</i>	<i>3</i>	<i>12.366,55</i> <i>37.099,65</i>
<i>Peóns agrícolas</i>	<i>9</i>	<i>12.366,55</i> <i>111.298,95</i>
<i>Peóns varredores</i>	<i>7</i>	<i>12.095,02</i> <i>84.665,14</i>
<i>TOTAL</i>		<i>335.289,21</i>

Terceiro.- *Declarar que o Concello de Cangas, para este plan de conservación de bens e servizos, non solicitou, nin recibiu, ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

Cuarto.- *Dar conta de este acordo ao Pleno do Concello e traslado á intervención municipal".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 7120/2019. Proposta da alcaldía s/solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais-Plan concellos 2020-Liña III-Emprego (Urxencia)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AYAGSSJY6Y9AD3K2TTHHM22F | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/ | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 24



Dase conta de proposta da alcaldía para solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais-Plan concellos 2020-Liña III-Emprego, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2020) LIÑA III-EMPREGO, PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Publicadas no BOP nº 1 de data do 02.01.2020, as bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva de dito plan á liña que ascende a douscentos corenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros con nove céntimos (242.469,09 €).

Á vista do disposto no capítulo V da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, a Lei 6/2019, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, Orde HAC/46/2020, de 20 de xaneiro, pola que se ditan instrucións sobre procedemento e documentación a remitir en desenvolvemento do Acordo do Consello de Ministros de 27 de decembro de 2019, de prórroga orzamentaria, pola que ditan instrucións en relación ás nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto.

Visto que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda de entidade pública ou privada para este plan que se solicita.

Visto que o Concello de Cangas, non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas tirubutaria e coa Seguridade Social.

Polo que, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva do 'PLAN DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2020', para a contratación de 27 persoas, polo importe total de trescentos trinta e cinco mil douscentos oitenta e nove euros con vinte e un céntimos (335.289,21 €), facendo constar que, o Concello con fondos propios, asumirá a contía non subvencionada e que ascende a noventa e dous mil oitocentos vinte euros con vinte e un céntimos (92.820,21 €).

<i>Importe total servizos</i>	<i>Importe aportación municipal</i>	<i>Importe subvención</i>
-------------------------------	-------------------------------------	---------------------------





Concello de Cangas

335.289,21 €	92.820,21 €	242.469,00 €

Segundo.- Solicitar axuda para a 'LIÑA III-Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais', polo importe de douscentos corenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros (242.469,00 €), para a contratación de vinte e sete (27) persoas a xornada completa e polo período de seis (6) meses, de conformidade co seguinte:

<i>Denominación servizo</i>	<i>Nº traballador/traballadora ora servizo</i>	<i>Importe traballador/traballadora</i> <i>Importe total servizo</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>1</i>	<i>13.268,08</i> <i>13.268,08</i>
<i>Conductor</i>	<i>1</i>	<i>13.825,87</i> <i>13.826,36</i>
<i>Peón emerxencias</i>	<i>2</i>	<i>12.095,45</i> <i>24.190,90</i>
<i>Conserxes</i>	<i>2</i>	<i>12.373,90</i> <i>24.747,80</i>
<i>Oifical albanel</i>	<i>1</i>	<i>13.826,27</i> <i>13.826,27</i>
<i>Peón electrecista</i>	<i>1</i>	<i>12.366,55</i> <i>12.366,55</i>
<i>Peóns xardineiros</i>	<i>3</i>	<i>12.366,55</i>

Concello de Cangas

Avenida de Castelaio, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AYAGSSJY6Y9AD3K2TTHHM22F | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 24



Concello de Cangas

		37.099,65
Peóns agrícolas	9	12.366,55 111.298,95
Peóns varredores	7	12.095,02 84.665,14
TOTAL		335.289,21

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para este plan de conservación de bens e servizos, non solicitou, nin recibiu, ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Dar conta de este acordo ao Pleno do Concello e traslado á intervención municipal".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 1031/2020. Dación de conta de decreto da alcaldía s/aprobación de proxecto do obradoiro de emprego "GRANXA DA RÚA X-MOCIDADE" (Urxencia)

[A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura do decreto da Alcaldía nº 2020-0310 en data 21 de febreiro de 2020, referente a solicitude de obradoiro de emprego "Granxa da Rúa X - MOCIDADE" \(2020 - 2021\), que é como segue:](#)

"Expediente núm.: 1031/2020

Procedemento: solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA X - MOCIDADE" (2020 – 2021)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista da proposta da CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, EMPREGO, MAR E RURAL, SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI, relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia, para a posta en marcha do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA X - MOCIDADE' (2020–

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AYAGS3.Y6.Y9AD3K2TTHNM2ZF | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 24



2021), tramitada ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353B), con base nas atribucións conferidas pola lexislación vixente, especialmente o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do obradoiro de emprego "GRANXA DA RÚA X - MOCIDADE", de 12 meses de duración, con data máxima de inicio o 1 de xuño de 2020, coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e a prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES (CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE)	CÓDIGO	Nº ALUMNOS/ALUMNAS TRABALLADORES/TRABALLADORAS
Atención socio sanitaria a persoas no domicilio	SSCS0108	8
Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	AGAO0208	8
		TOTAL: 16

SEGUNDO.- Solicitar, á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha subvención para levar a cabo este proxecto do obradoiro de emprego 'GRANXA DA RÚA X - MOCIDADE', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 16 alumnos/alumnas -traballadores/traballadoras (contrato para a formación e o aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a devandita subvención, o Concello aporte, con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2020 e 2021, os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns vinte e catro mil euros (24.000 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poda ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2020-2021).

CUARTO.- Que se dea conta desta resolución na vindeira reunión que se realice da Xunta de Goberno Local".

Expediente 1024/2020. Dación de conta de decreto da alcaldía s/aprobación de proxecto dual de emprego FORESTAL (2020- 2021) "GRANXA DA RÚA X" (Urxencia)

[A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura do decreto da Alcaldía nº 2020-0311 en data 21 de febreiro de 2020, referente a solicitude de obradoiro dual de emprego "Granxa da Rúa X - FORESTAL" \(2020 - 2021\), que é como segue:](#)

"Expediente núm.: 1024/2020

Procedemento: solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA X' (2020 – 2021)





RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista da proposta da concelleira de desenvolvemento local, emprego, mar e rural, SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI, relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA X' (2020 – 2021), tramitada ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A), con base nas atribucións conferidas pola lexislación vixente, especialmente o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA X', de 9 meses de duración, con data máxima de inicio o 1 de xullo de 2020, coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como, a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e a prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES (CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE)	CÓDIGO	Nº ALUMNOS/ALUMNAS TRABALLADORES/TRABALLADORAS
1) Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e 2) Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	1) AGAR0309 e 2) AGAR0208	10
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural	SEAD0411	10
		TOTAL: 20

SEGUNDO.- Solicitar, á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA IX', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 20 alumnos/alumnas -traballadores/traballadoras (contrato para a formación e o aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a devandita subvención, o Concello aporte con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2020 e 2021 os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns trinta mil euros (30.000 €) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2020-2021).

CUARTO.- Que se dea conta desta resolución na vindeira reunión que se realice da Xunta de Goberno Local".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas





Cod. Validación: AYAGS3JY6Y9AD3K2TTHNM22F | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 24